



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



**Proceso para a adquisición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar de Administración xeral, e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de determinadas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico**

Modelo B

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

**1. A teor da regulación contida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes supostos non encaixa coa definición de interesado?:**

- a) O que promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) O que, sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) O que, sen iniciar o procedemento, teña calquera tipo de interese nel.

**2. Conforme ao artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, quen poderá actuar en representación doutra persoa ante as administracións públicas?:**

- a) As persoas xurídicas en todo caso.
- b) As persoas físicas en todo caso.
- c) As persoas físicas con capacidade de obrar.

**3. Segundo o artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar:**

- a) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, aínda que non acredite a integridade e a inalterabilidade do documento.
- b) A autenticidade da expresión da súa vontade ou a integridade.
- c) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

**4. Un dos dereitos recoñecidos a quen ten capacidade de obrar ante as administracións públicas no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas é o de comunicarse coas administracións públicas a través de:**

- a) Un punto de contacto electrónico da Administración.
- b) Un punto de acceso xeral electrónico da Administración.
- c) Un punto de comunicación electrónico da Administración.

**5. Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se concorresen varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en:**

- a) Galego.
- b) Castelán.
- c) En ambas as dúas por duplicado.

**6. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. A eliminación dos devanditos documentos (artigo 17 da LPAC):**

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Deberá ser comunicada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- c) Deberá ser xustificada de acordo co disposto na normativa aplicable.

**7. Aclara o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións**

**públicas lle entregarán ao interesado certificación acreditativa da comparecencia:**

- a) Cando así o solicite.
- b) Unicamente cando esta comparecencia fose presencial.
- c) En todo caso.

**8. En todo caso, as administracións públicas informarán os interesados do prazo máximo establecido para a resolución dos procedementos e para a notificación dos actos que lles poñan termo, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo. A dita mención incluírase na notificación ou publicación do acordo de iniciación de oficio ou na comunicación que se dirixirá para o efecto ao interesado (artigo 21 da LPAC):**

- a) Dentro dos dez días seguintes á presentación da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro do órgano competente para resolver.
- b) Dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación.
- c) Dentro dos dez días seguintes á presentación da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro da Administración á que pertenza o órgano competente ou organismo para a súa tramitación.

**9. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):**

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.

**10. Respecto dos documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, sinala o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:**

- a) Requiren de sinatura electrónica.
- b) Será necesario identificar a súa orixe.
- c) Será necesario identificar o seu destino.

**11. En cal dos seguintes casos poderán as administracións solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado? (artigo 28 da LPAC):**

- a) Cando se trate de documentos de carácter preceptivo.
- b) Cando o documento achegado polo interesado estivese en formato papel.
- c) Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia.

**12. Sinala o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os prazos expresados en días se contarán a partir:**

- a) Do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- b) Do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- c) Do día en que se dite o acto de que se trate.

**13. Respecto dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concorrencia competitiva, sinala o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que:**

- a) Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.
- b) Se exceptúan da necesidade de motivación.
- c) Serán motivados, de conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias.

**14. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarse en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):**

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

**15. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:**

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.

**16. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:**

- a) As universidades públicas.
- b) Entidades de dereito privado.
- c) O sector público institucional.

**17. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:**

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

**18. Conforme ao disposto no artigo 5 da lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación de calquera órgano administrativo esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:**

- a) Dotación do persoal necesario para a súa posta en marcha e funcionamento.
- b) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.
- c) Delimitación dos seus órganos superiores.

**19. Conforme ao disposto no artigo 6 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo:**

- a) É causa de nulidade de pleno dereito dos actos ditados polos órganos administrativos.
- b) É causa de anulabilidade dos actos ditados polos órganos administrativos.
- c) Non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos.

**20. Conforme ao disposto no artigo 8 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de competencias, a encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia:**

- a) Supoñen alteración da titularidade da competencia e dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.
- b) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.
- c) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, nin tampouco dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.

**21. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, as delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse:**

- a) En ningún caso.
- b) No *Boletín Oficial do Estado*, no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegante e o ámbito territorial de competencia deste.
- c) No *Boletín Oficial do Estado* en todo caso.

**22. Segundo o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo motivado mediante o cal se realice a avocación:**

- a) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, sempre con anterioridade á resolución final que se dite.
- b) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite.
- c) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á proposta de resolución que se dite.

**23. Conforme ao disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a validez da delegación de sinatura:**

- a) Non será necesaria a súa publicación.
- b) Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Publicarase no *Boletín Oficial do Estado*.

**24. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a suplencia non implicará alteración da competencia e para a súa validez:**

- a) Será necesaria a súa publicación.
- b) Non será necesaria a súa publicación.
- c) Formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio.

**25. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente:**

- a) E deberá notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- b) Non é necesario notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- c) O órgano administrativo decidirá en cada caso se notifica ou non.

**26. Conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, corresponde velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado ao:**

- a) Presidente.
- b) Interventor delegado.
- c) Secretario.

**27. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, poida derivarse dos acordos que adopten os órganos colexiados:**

- a) Os membros do órgano que emitan o seu voto a través de medios electrónicos.
- b) Os membros do órgano que voten a favor.
- c) Os membros do órgano que voten en contra ou que se absteñan.

**28. Conforme ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate é causa de:**

- a) Abstención, unicamente.
- b) Recusación, unicamente.
- c) Abstención e recusación.

**29. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a recusación exporase:**

- a) Por escrito, no que se expresará a causa ou causas en que se funda.
- b) Verbalmente.
- c) Verbalmente ou por medios electrónicos.

**30. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a potestade que faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega denomínase:**

- a) Potestade de programación.
- b) Potestade regulamentaria.
- c) Potestade de autoorganización.

**31. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da citada lei xeneralizarán a xestión de todos os procesos e procedementos administrativos derivados desta:**

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por medios manuscritos.
- c) Por medios mecanografados.

**32. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese por:**

- a) A lexislación básica estatal que lle resulte de aplicación e pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.
- b) A lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica.
- c) A lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.

**33. Conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están**

**vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente denomínanse:**

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal laboral

**34. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase por:**

- a) Cumprimento dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento.
- c) Amortización do posto que ocupe.

**35. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:**

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

**36. Segundo o recollido no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:**

- a) Os postos de natureza non permanente.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición e anotación de datos nos rexistros administrativos.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións de cancelación de datos nos rexistros administrativos.

**37. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando unha sentenza xudicial firme recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido e a persoa afectada poida ser adscrita a un posto de traballo vacante:**

- a) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- b) Non será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- c) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo. A proposta da modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses.

**38. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento produce necesariamente:**

- a) O cesamento do persoal eventual ao que esta nomease.
- b) O cesamento do persoal laboral temporal ao que esta nomease.
- c) O cesamento do persoal funcionario interino de devandita unidade administrativa.

**39. Conforme ao disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:**

- a) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas respecto ao galego, como única lingua oficial de Galicia.
- b) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas respecto ao castelán, como única lingua oficial de Galicia.
- c) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas tanto respecto ao galego, como lingua propia e oficial de Galicia, como ao castelán, lingua oficial en Galicia.

**40. Conforme ao disposto no artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a superación das probas teóricas e/ou prácticas que se establezan na convocatoria, as cales deberán permitir determinar a capacidade das persoas aspirantes e establecer a orde de prelación entre elas, denomínase:**

- a) Oposición.
- b) Concurso.
- c) Concurso-oposición.

**41. Conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións:**

- a) Para atender ao coidado dun familiar de terceiro grao de afinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- b) Para atender ao coidado dun familiar de segundo grao de consanguinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- c) Para atender ao coidado dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade por razóns de enfermidade moi grave.

**42. Conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves da parella de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de:**

- a) Non ten dereito a ningún permiso por esta causa.
- b) Noventa días naturais.
- c) Trinta días naturais.

**43. Conforme ao disposto no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:**

- a) Vinte e dúas semanas ininterrompidas.
- b) Dezaseis semanas ininterrompidas.
- c) Trinta días naturais ininterrompidos.

**44. Conforme ao disposto no artigo 130 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:**

- a) Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a seis meses.
- b) Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a doce meses.



- c) Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a dezoito meses.

**45. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a discapacidade é:**

- a) A situación en que se atopa unha persoa cando é tratada de maneira menos favorable ca outra.
- b) Unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreira que limite ou impida a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.
- c) A situación dunha persoa ou grupo en que se integra cando é obxecto dun trato discriminatorio debido á súa relación con outra por motivo ou por razón de discapacidade.

**46. En base ao artigo 5 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas específicas para garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal aplicaranse, ademais de aos dereitos regulados no título I, a:**

- a) A educación.
- b) A protección da saúde.
- c) A Administración de xustiza.

**47. En base ao artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os equipos multiprofesionais de atención á discapacidade:**

- a) Son os órganos encargados de establecer os criterios para o recoñecemento da incapacidade permanente no grao de total.
- b) Son unidades da Administración xeral do Estado que actúan no ámbito de todo o territorio nacional, encargados da rehabilitación profesional.
- c) Son os órganos encargados de valorar e cualificar as situacións de discapacidade para o seu recoñecemento oficial polo órgano administrativo competente.

**48. De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, adoptarán as medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade, por razón da súa discapacidade:**

- a) Os concellos.
- b) As comunidades autónomas.
- c) As comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.

**49. En base ao o artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo:**

- a) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación.
- b) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación directa.
- c) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación indirecta.

**50. En base ao artigo 3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións do título I, titulado "Transparencia da actividade pública", serán de aplicación:**

- a) Aos partidos políticos.
- b) Ás organizacións sindicais.
- c) Ao Parlamento de Galicia.

**51. De acordo co artigo 5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia fará público no Portal de transparencia un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación:**

- a) Mensualmente.
- b) Semestralmente.
- c) Anualmente.

**52. En base ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información de relevancia xurídica, publicaranse:**

- a) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten os intereses da comunidade autónoma.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten as ofertas públicas de emprego e os procesos selectivos.
- c) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.

**53. De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de servizos públicos, facilitarase información sobre:**

- a) O servizo público obxecto da concesión administrativa, o concesionario e a identificación da persoa responsable do contrato.
- b) O servizo público obxecto da concesión administrativa, a identificación do concesionario, a identificación da persoa responsable do contrato e o persoal adscrito á prestación do servizo.
- c) O servizo público obxecto da concesión administrativa, o concesionario e o persoal adscrito á prestación do servizo.

**54. De conformidade co establecido no artigo 22.2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:**

- a) A Administración deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- b) A Administración non deberá de manter a produción dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade pública ou privada.
- c) A Administración deberá de manter a produción da información de acceso público para a súa reutilización por unha entidade pública ou privada.

**55. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación co dereito de acceso á información pública:**

- a) O dereito de acceso á información pública non poderá ser limitado ou denegado.
- b) O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
- c) O dereito de acceso á información pública poderá ser denegado se se acorda polo órgano administrativo competente.

**56. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Comunidade Autónoma de Galicia reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de:**

- a) Igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos.
- b) Participación desequilibrada dos homes na toma de decisións.
- c) Garantía da dignidade das mulleres.

**57. De acordo co artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para os efectos desta norma, o concepto de discriminación incluírá:**

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual.
- b) Unicamente o acoso sexual.
- c) O acoso moral por razón de xénero non se distingue do acoso sexual.

**58. De acordo co artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade entre mulleres e homes:**

- a) Considéranse medidas discriminatorias.
- b) Non se considerarán discriminatorias.
- c) Terán carácter permanente.

**59. Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia no seu ámbito de competencias promoverá e levará a cabo accións dirixidas a conseguir os seguintes obxectivos, en relación coa información, asesoramento e orientación para as mulleres:**

- a) Erradicación, en todas as formas de expresión oral ou escrita, do uso sexista da linguaxe no campo institucional.
- b) Garantir o uso non sexista da linguaxe.
- c) Garantir o funcionamento de centros e servizos de información e asesoramento ás mulleres en número e dotacións suficientes.

**60. Conforme ao disposto no artigo 55 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o establecemento dun procedemento informal de solución establecerase para:**

- a) Previr o acoso sexual.
- b) O exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) A valoración excepcional do esforzo físico nas probas selectivas.

#### PREGUNTAS DE RESERVA

**61. Sinala o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de:**

- a) Cinco anos contados desde a data de inscrición.
- b) Dous anos contados desde a data de inscrición.
- c) Tres anos contados desde a data de presentación das solicitudes de inscrición do poder.

**62. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a resolución de recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto de recurso:**

- a) En todo caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- c) Deberá ser aprobada polo superior xerárquico común.

**63. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:**

- a) O persoal laboral.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal eventual.

**64. En base ao artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:**

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.
- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

**65. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:**

- a) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse o recurso administrativo que corresponda.

- b) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo ou un recurso contencioso-administrativo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta do Consello Galego de Relacións Laborais, en materia de acceso só poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo.